

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE FACENDA

CORRECCIÓN de erros. Resolución do 11 de maio de 2012, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ordena a publicación dos criterios de repartición do fondo de acción social para o exercicio económico do ano 2011 relativos á axuda para a atención de persoas discapacitadas.

Advertido erro na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* n.º 94, do 18 de maio de 2012, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 18726, punto 4.4., primeiro parágrafo, onde di: «As unidades de persoal deberán completar en liña os datos que figuran no espazo reservado para a certificación da unidade de persoal en todas as solicitudes», debe dicir: «As unidades de persoal deberán completar manualmente os datos que figuran no espazo reservado para a certificación da unidade de persoal en todas as solicitudes».

Na páxina 18726, punto 4.4, terceiro parágrafo, onde di: «Será causa de denegación toda solicitude que non veña certificada a través da páxina web polas unidades seguintes de acordo co destino de cada traballador»(...), debe dicir: «Será causa de denegación toda solicitude que non veña certificada manualmente polas unidades seguintes de acordo co destino de cada traballador»(...).

Na páxina 18726, punto 4.5, segundo parágrafo, onde di: «Os certificadores verificarán unicamente os datos persoais e profesionais e imprimirán a solicitude para remitir á Dirección Xeral da Función Pública. O/A solicitante si deberá presentar no rexistro a documentación xustificativa debidamente cotexada», debe dicir: «Os certificadores cubrirán unicamente os datos persoais e profesionais. O/A solicitante si deberá presentar no rexistro a documentación xustificativa debidamente cotexada».